

EXERCICIOS

RESOLVE ESTES TRES PROBLEMAS DE XENÉTICA

- ① Se cruzamos unha variedade alta de chícharos, que é dominante homocigótica, con outra que é anana:
- a) Como serán os xenotipos e fenotipos da descendencia (F_1)? Razoa a resposta.
 - b) Se cruzamos agora os individuos da F_1 entre si, como serán os xenotipos e fenotipos da descendencia (F_2)? Razoa a resposta.
- ② Na mosca da froita (*Drosophila melanogaster*) existen individuos de corpo negro e individuos que presentan corpo gris:
- a) Crúzanse dúas moscas grises e obtense unha descendencia composta por 30 moscas grises e 10 moscas negras. Indica os xenotipos das moscas proxenitoras razoando a resposta.
 - b) Entre as moscas grises da descendencia do cruzamento anterior, como pescudarías que individuos son homocigóticos? Razoa a resposta.
- ③ Se nunha parella se diagnostica daltonismo na muller, como será xenotípica e fenotipicamente a súa descendencia se o varón ten vista normal?

2/ CONTESTA ESTAS DÚAS CUESTIÓN

- 1a) Que son os heterocromosomas?
- 1b) Se a dotación cromosómica do gato (*Felis silvestris catus*) é de 38 cromosomas, cantos autosomas ten?
- 2) Por que hai maior número de homes daltónicos que de mulleres daltónicas? Razoa a resposta.